

# Annual Activity Report UNINOVA 2021



Uninova

Iniciativas Empresariais Inovadoras

UNINOVA | Emprendia Building 15782 Santiago de Compostela (Spain)

## ÍNDICE:

<b>1</b>	<b>INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>2</b>
<b>2</b>	<b>SERVIZOS A EMPRENDEDORES</b> .....	<b>2</b>
<b>2.1</b>	<b>SENSIBILIZACIÓN , FORMACIÓN E CONSTITUCIÓN DE EMPRESAS.</b> .....	<b>2</b>
<b>2.2</b>	<b>INCUBACIÓN</b> .....	<b>3</b>
2.2.1	ESPAZOS EDIFICIO EMPRENDIA.....	3
2.2.2	INCUBACIÓN VIRTUAL .....	3
<b>2.3</b>	<b>PROXECTOS ANO 2021</b> .....	<b>4</b>
2.3.1	ERASMUS FOR YOUNG ENTREPRENEURS. PROXECTO YEIM SGA2. ....	4
2.3.2	BIOINCUBATECH, INCUBADORA DE ALTA TECNOLOXÍA PARA O FOMENTO DA INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA DE BIOTECNOLOXÍA NOS ÁMBITOS DA SAÚDE E AS TECNOLOXÍAS ALIMENTARIAS ÁS MICROPEMES.....	4
2.3.3	SPIN_UP. DEFINICIÓN E IMPLEMENTACIÓN DE NLT PARA A PROMOCIÓN DE SPIN OFFS UNIVERSITARIAS E STARTUPS INNOVADORAS.....	5

## 1 INTRODUCCIÓN

UNINOVA - Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais innovadoras, S.L., foi creada, na súa orixe, co obxecto de potenciar o desenvolvemento de iniciativas empresariais a partir da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico da Universidade de Santiago de Compostela co gallo de contribuír á consolidación na cidade de Compostela dun tecido produtivo e de servizos avanzados con claro matiz innovador.

Dende a súa constitución en decembro do ano 1998, Uninova dedicase á detección e ao asesoramento de emprendedores universitarios coa finalidade de promover a creación de empresas e, a partir do ano 2010 inclúe tamén, entre as súas actividades, a xestión dos espazos do Edificio Emprendia, que ten como finalidade servir de base física para potenciar a transferencia de tecnoloxía e o desenvolvemento de iniciativas empresariais partindo da investigación universitaria.

No presente informe recóllense as actividades realizadas por Uninova ao longo do ano 2021.

## 2 SERVICIOS A EMPRENDEDORES

### 2.1 SENSIBILIZACIÓN , FORMACIÓN E CONSTITUCIÓN DE EMPRESAS.

Dentro deste apartado, ao longo do ano 2021 Uninova colaborou na posta en marcha e desenvolvemento das seguintes actividades formativas que, á súa vez, serven de guía para a sensibilización da comunidade Universitaria de cara ao seu posible interese, pola actividade emprendedora.

**Programa Argos-Creando Equipos Emprendedores.** No ano 2021 a USC organizou una nova edición deste programa e Uninova colaborou, como en anos anteriores, na captación de emprendedores.

O Programa está orientado á constitución e adestramento de equipos emprendedores, eficientes e innovadores, integrados por persoas con distintos perfis de aptitudes e competencias. Engade ademáis a oportunidade de mobilizar e transferir coñecemento xerado nos departamentos e laboratorios da USC, poñéndoos ao servizo dun plan de negocio.

**Programa Akademia You Project.** Posta en marcha na modalidade on line debido á pandemia. En 8 sesións os alumnos participantes analizaron distintos contidos, dende a innovación, a enerxía ou as telecomunicacións ata a base para aprender a innovar e adiviñar tendencias, ou contidos máis específicos como big data, algoritmos ou aprendizaxe automática, que permiten comprender o concepto de intelixencia artificial.

No que respecta ás peticións de información e asesoramento empresarial, ao longo do ano 2021, foron atendidos en Uninova emprendedores universitarios da USC, tramitando a constitución de novas empresas a través do punto PAE, cando procedeu.

## 2.2 INCUBACIÓN

### 2.2.1 ESPAZOS EDIFICIO EMPRENDIA

Uninova xestionou, en colaboración coa AVTE, a sinatura dos convenios das empresas interesadas en incubarse no Edificio Emprendia coa USC, unha vez que a propia USC selecciona as empresas ás que finalmente se lles cede espazo no Emprendia.

No ano 2021, formalizáronse, mediante convenio de cesión, novas incorporacións de usuarios externos ao Edificio Emprendia pero tamén se deu servizo ás empresas xa incubadas desde anos anteriores e que siguen no Edificio.

### 2.2.2 INCUBACIÓN VIRTUAL

Uninova ofrece a través deste servizo, o mesmo tipo de asesoramento e seguimento que aos emprendedores en incubación física a excepción do espazo físico. Si, sen embargo, teñen acceso aos espazos de uso común, como as salas de reunións e xuntas ou, a aula de formación do Edificio Emprendia.

Os servizos de incubación virtual son os seguintes:

- Tramitación da constitución da empresa a través do servizo PAE.
- Asesoramento empresarial e seguimento do proxecto.

- Domiciliación social e fiscal da empresa.
- Servizo de atención telefónica.
- Inclusión de información da Empresa na web de Uninova.
- Participación en actividades vinculadas a proxectos de ámbito local, autonómico, nacional e internacional.
- Recepción da correspondencia e paquetería a portes pagados no horario de atención ao público.
- Acceso á rede de contactos de Uninova

## 2.3 PROXECTOS ANO 2021

### 2.3.1 ERASMUS FOR YOUNG ENTREPRENEURS. PROXECTO YEIM SGA2.

#### Erasmus for Young Entrepreneurs

O proxecto YEIM SGA2 (Young Young Entrepreneurs in Motion YEIM SGA2) é unha continuación do proxecto YEIM SGA1 no cadro do Programa Erasmus for Young Entrepreneurs da Unión Europea, que ofrece a posibilidade de realizar intercambios entre emprendedores e empresas de diferentes países dentro e fora da UE.

Ao longo do ano 2021 Uninova segue a participar como socio deste proxecto integrado por un consorcio de 10 socios pertencentes a 8 países diferentes (Alemaña, Bulgaria, Croacia, España, Francia, Italia, Reino Unido e República Checa) e liderado polo socio alemán STIC.

A pesares de que o actual ciclo no que se estaba a participar non finaliza ata xaneiro de 2023, Uninova acodou xa no ano 2021 todos os obxectivos do proxecto, en número de emprendedores rexistrados e de intercambios xestionados, pero seguiu traballando igualmente no proxecto, superando as expectativas fixadas na proposta.

### 2.3.2 BIOINCUBATECH, INCUBADORA DE ALTA TECNOLOXÍA PARA O FOMENTO DA INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA DE BIOTECNOLOXÍA NOS ÁMBITOS DA SAÚDE E AS TECNOLOXÍAS ALIMENTARIAS ÁS MICROPEMES.

#### BioIncubaTech

As actividades a desenvolver por Uninova dentro deste proxecto, segundo o recollido

na proposta serán as de aceleración e formación de emprendedores e empresas e a difusión da potencialidade e actividade da aceleradora.

Uninova participa neste proxecto xunto coa USC (Líder do proxecto) e a Cámara de Comercio de Santiago.

O orzamento de Uninova para a totalidade de duración do proxecto ascende a 188.266,67 €.

### **2.3.3 SPIN\_UP. DEFINICIÓN E IMPLEMENTACIÓN DE NLT PARA A PROMOCIÓN DE SPIN OFFS UNIVERSITARIAS E STARTUPS INNOVADORAS**

O principal obxectivo é estimular e favorecer a transferencia bidireccional empresa- universidade de coñecementos e tecnoloxías dentro do Espazo de cooperación, mediante o encontro entre as necesidades do tecido produtivo e a oferta dos axentes xeradores do coñecemento.

Uninova é o beneficiario principal deste proxecto no que tamén participan como socios: IGAPE, Cámara de Comercio de Santiago, Asociación Área Empresarial do Tambre , Universidade do Porto e ANJE- Associação Nacional de Jovens Empresários con sede en Oporto.

O orzamento do proxecto para os tres anos de duración será de 352.321€